

RESOLUCIÓN

ASUNTO: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE MEDIDAS ADICIONAIS NO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO PARA A XESTIÓN DA CRISE SANITARIA OCACIONADA POLO COVID-19.

EXPEDIENTE:2020/G003/000090

ANTECEDENTES

A evolución do brote da enfermidade coñecida como COVID-19 (coronavirus) e as medidas de contención extraordinarias adoptadas polos gobernos estatal e autonómico, tiveron como consecuencia a adopción, o venres día 13, dunha serie de medidas de carácter preventivo e temporal que incluía medidas para o cadro de persoal do Concello de San Sadurniño.

Tras a publicación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo (BOE núm. 67 do 14 de marzo), polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, afondando na responsabilidade por parte de todos e todas para seguir as recomendacións das autoridades sanitarias e evitar situacións de risco, e vistas as instrucións emitidas pola Federación Galega de Municipios e Provincias, considérase necesario adoptar medidas adicionais ás sinaladas o pasado 13 de marzo.

Por todo o exposto, no exercicio das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire a esta Alcaldía, así como adopción de decisións en situacións de catástrofe ou de infortunios públicos ou grave risco previstas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Crear unha Comisión Municipal de Seguimento da evolución do COVID-19 constituída por:

- O Alcalde
- O 1º Tenente de alcalde, Manuel Varela Mecías
- A voceira do grupo de goberno municipal, María do Carme Muiño Filgueira
- A Secretaria accidental, Mónica Cibreiro Caneiro

Esta Comisión poderá incorporar persoas con experiencia en materia de emerxencia e protección civil para que acheguen o seu coñecemento e asesoramento.

SEGUNDO.- Decretar, desde o 16 de marzo de 2020 e durante o tempo que dure o estado de alarma declarado polo Goberno do Estado, o peche total da atención presencial nas oficinas municipais, agás aqueles servizos que se declaren esenciais no punto cuarto deste decreto.

TERCEIRO.- As presentes medidas serán de aplicación a todo o persoal empregado público que preste os seus servizos no Concello de San Sadurniño, calquera que sexa a súa tipoloxía de vinculación con este.

CUARTO.- Declarar como servizos públicos municipais esenciais, con carácter inicial, susceptibles de ampliación ou modificación posterior en virtude da evolución da situación, os seguintes:

- a) Atención á veciñanza (telefónica e telemática)
- b) Rexistro Xeral
- c) Padrón de habitantes
- d) Desenvolvemento Local
- e) Servizos Sociais
- f) Personal de obras e servizos
- g) Servizo de abastecemento de auga potable
- h) Servizo de depuración de augas residuais
- i) Recollida de lixo e limpeza viaria
- j) Secretaría- intervención- tesourería (rexistro telemático de facturas e pagamento a provedores)

QUINTO.- O persoal dos servizos que non se inclúan no listado anterior deberá permanecer operativo e dispoñible durante a xornada laboral, para acudir aos seus postos de traballo no suposto de ser requirido ante situacións de urxencia ou necesidade inaprazable. Poderanse adoptar decisións de adscrición temporal a outras áreas no suposto de ser imprescindible para garantir o desenvolvemento mínimo dos servizos esenciais. A estes efectos todo o persoal deberá estar localizable e dispoñible.

SEXTO.- A atención á cidadanía nos servizos esenciais será unicamente telefónica e telemática. A atención presencial será unicamente motivada por razóns de urxencia e para isto precisará cita previa, a través do teléfono 981490027 e do correo electrónico correo@sansadurnino.gal.

SEPTIMO.- Realizaranse por parte dos servizos que proceda, baixo a supervisión da Comisión Municipal de Seguimento, as adaptacións da xornada do persoal que presta servizos baixo a súa dependencia ao réxime de apertura das instalacións e servizos municipais que se establece, así como ás circunstancias específicas que se dean en cada un deles, de modo que se evite a concorrencia diaria do persoal nos diferentes centros de traballo coa finalidade de preservar a súa saúde.

En cada unidade administrativa, baixo a dirección da persoa responsable, determinaranse quendas de traballo, de tal xeito que só acuda ao traballo dun xeito presencial o persoal mínimo imprescindible para prestar os servizos básicos que demanda a cidadanía

OITAVO.- Ao persoal adscrito aos servizos esenciais definidos no punto cuarto que teña fillas ou fillos menores e/ou maiores dependentes, permíteselle ausentarse do posto de traballo e permanecer no seu domicilio, tendo a consideración de deber inescusable de conformidade co disposto no artigo 48 j) do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, nos momentos e prazos en que non fose posible establecer quendas de traballo compatibles.

NOVENO.- Quedan suspendidas as sesións periódicas ou ordinarias dos órganos colexiados municipais (Pleno da Corporación, Comisións Informativas, etc) a excepción da Comisión de Seguimento do COVID-19, a Xunta de Goberno, que se celebrará por medios telemáticos, ou calquera outra que fose preciso celebrar con carácter extraordinario ou urxente.

Asinado dixitalmente en San Sadurniño, na data que figura á marxe, polo alcalde, Secundino García Casal, do que eu, a Secretaria - Interventora accidental do Concello, Mónica Cibreiro Caneiro, dou fe.